



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

ORDENANZA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO INTEGRAL DE SERVIZOS SOCIAIS "ALVETUS"

Artigo 1º:

De conformidade co disposto no Artigo 20.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Avión establece a Taxa pola prestación de servizos no Centro Integral de Servizos Sociais "Alvetus", concretándose estes servizos nos seguintes:

- Vivenda Comunitaria: Equipamento destinado a albergar en réxime de convivencia cuasi-familiar a persoas, preferentemente con un grao elevado de autonomía persoal.
- Centro de Día: Equipamento destinado á atención diúrna de persoas con perda da súa autonomía física ou psíquica que precisen dunha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.
- Residencia de Maiores: Equipamento destinado a vivenda permanente e común no que se presta unha asistencia integral e continuada a persoas maiores en situación de dependencia.
- Estadías Nocturnas: Equipamento destinado a dar resposta ás persoas en situación de dependencia que precisen atención durante a noite.
- Comedor Social: Servizo de comida no propio Centro ás persoas que o precisen, co fin de cubrir a súas necesidades alimentarias básicas e facilitar as súas relacións sociais e afectivas.
- Xantar sobre Rodas: Servizo de similares características ao anterior pero prestado no domicilio da persoa que o necesite.
- Lavandería Social: Servizo de lavado e pranchado da roupa dirixido ás persoas con certas limitacións ou dificultades para o desenvolvemento desta actividade.
- Transporte Adaptado: Equipamento adaptado, que se encargará do traslado dos usuarios dende o seu domicilio ao Centro e viceversa.

Artigo 2º:

1. Son suxeitos pasivos desta taxa todas aquelas persoas que, con algún grao de dependencia por razóns derivadas da idade, de enfermidades ou de discapacidades e ligadas á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial así o soliciten.
2. Serán suxeitos pasivos, asimismo, calquera outra persoa que, sen entrar nos supostos establecidos no parágrafo anterior, non obstante obteña o informe favorable ou a recomendación específica dos Servizos Sociais Municipais para ser usuario de calquera dos servizos enumerados no Artigo 1º.

Artigo 3º:

Constitúe o feito impoñible a prestación de calquera dos servizos enumerados no Artigo 1º., e sempre previo informe favorable ou recomendación específica dos Servizos Sociais Municipais.

Artigo 4º:

A solicitude de calquera dos servizos recollidos no Artigo 1º. tramitarase ante os Servizos Sociais Municipais, os cales a avaliarán e proporán a súa aprobación ou denegación, que será acordada pola Alcaldía do Concello. Igualmente, será competencia da Alcaldía a supresión ou interrupción do servizo, previo informe dos Servizos Sociais Municipais.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Artigo 5º:

A Tarifa Máxima pola prestación dos distintos servizos establecidos no Artigo 1º. será a seguinte:

– Vivenda comunitaria:

- Persoas autónomas, prezo por mes 900,00 €.
- Persoas con dependencia moderada ou grao 1, niveis 1 e 2, prezo por mes 1.050,00 €.

– Centro de Día:

• **Servizos Básicos:**

- Xornada completa: Supón o dereito do usuario a permanecer no Centro ata 8 horas diarias, prezo por mes 450,00 €.
- Media xornada: Supón o dereito do usuario a permanecer no Centro ata 4 horas diarias, prezo por mes 225,00 €.

• **Servizos Complementarios:**

- Servizo de transporte, prezo por mes 140,00 €.
- Servizo de comedor, prezo por comida/día 6,50 €.

– Residencia de Maiores:

- Persoas autónomas, prezo por mes 900,00 €.
- Persoas con dependencia moderada, prezo por mes 1.084,00 €.
- Persoas con dependencia severa, prezo por mes 1.135,00 €.
- Persoas con gran dependencia, prezo por mes 1.342,00 €.

– Estadías Nocturnas:

- Supón o dereito do usuario a permanecer no Centro dende as 20 horas e ata as 10 horas do día seguinte, a recibir todas as comidas que se sirvan mentres estea neste, a durmir en unha das habitacións da zona residencial, ao aseo persoal e ao control e dispensación de medicamentos que estea tomando. Prezo por estadía 50,00 €.

– Comedor Social:

- Prezo por menú 6,50 €.

– Xantar sobre Rodas:

- Prezo por menú 7,50 €.

– Lavandería Social:

- Lavado e sacado de mantas, edredóns ou colchas, prezo por prenda .. 6,00 €.
- Pasar o ferro a prendas de roupa (camisas, pantalóns, etc.), prezo por prenda 1,20 €.
- Pasar o ferro ás prendas do fogar (sábanas, fundas nórdicas, etc.), prezo por prenda 5,00 €.
- Lavado e secado de prendas de roupa (máximo 5 quilos), prezo por carga 8,00 €.

– Programa de Prevención da Dependencia:

- Actividades 2 días á semana, prezo por mes 20,00 €.
- Actividades 4 días á semana, prezo por mes 25,00 €.

– Transporte Adaptado:

- Prezo por viaxe 1,00 €.
- Bono mensual: ida e volta, de luns a venres 35,20 €.



CONCELLO DE AVIÓN (OURENSE)

PRAZA DO CONCELLO, N° 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: concello@concelloavion.org

<http://avion.sedelectronica.es>

Artigo 6º:

Os prezos máximos establecidos na Tarifa da presente Ordenanza actualizaranse automaticamente con data do 1 de xaneiro de cada ano natural, tomando como referencia o I.P.C.

Artigo 7º:

A taxa regulada na presente Ordenanza Fiscal devengarase no momento en que se inicie a prestación de calquera dos Servizos previstos no Artigo 1º.

Artigo 8º:

Facúltase expresamente á Xunta de Goberno Local do Concello de Avión para que, á vista de situacións especiais de carencia de ingresos familiares, debidamente documentadas e xustificadas, poda establecer, de xeito extraordinario, reducións nos prezos máximos previstos na Tarifa da presente Ordenanza.

Disposición Adicional:

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal estarase ao disposto nos Artigos 20 ó 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 6 ó 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos e nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.